

Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A IMPULSAR A CULTURA TRADICIONAL GALEGA NO CONCELLO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A poboación monfortina estivo sempre moi involucrada coa cultura tradicional galega. Eran moitos os rapaces e rapazas que participaban na escola de danza e música tradicional galega, o que daba lugar a poder contar, nas distintas celebracións que se tiñan lugar no concello, cun bo número de persoas, sobre todo as máis novas, que bailaban ou tocaban música tradicional galega.

Pero desde que este equipo de goberno está a dirixir esta cidade, todo mudou. Diminuíu o número de persoas nas clases de música tradicional galega, o que da lugar que se teña que contratar este tipo de actuacións a colectivos de fóra da cidade ou completar o que temos con xente de fóra.



O pouco ou nulo interese pola cultura é un sinal de identidade do actual equipo de goberno local, que a duras penas mantén o que xa existía e non é capaz de aportar novidades neste eido.

As manifestacións constantes do alcalde lamentando o moito que lle custa o conservatorio contrastan co recentemente anuncio dun millón de euros para o asfaltado de rúas que non o precisan, o que é unha mostra máis do pouco interese que ten este alcalde con todo o relacionado coa cultura.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordos:

- Instar ao equipo de goberno a que elabore un plan para incentivar a práctica da danza e música tradicional galega a través de distintas medidas, como axudas a adquisición de instrumentos, vestiario, clases ou publicidade para o seu impulso.